

XÉNERO CON XÉNERO II

Este ano o IES CHANO PIÑEIRO voltou formar parte do programa do Plan Proxecta “Donas de Si” que pretende facer visible o traballo da muller fomentando a igualdade de xénero.

Ao ser o segundo ano que continuamos con esta singladura repetimos experiencias de traballo que comezamos o ano pasado para afianzar a visión positiva das alumnas e dos alumnos, así como do resto da comunidade educativa, cara o traballo da muller.

Este ano a unidade dicáctica traballada foi a de María Wonenburger e as mulleres científicas, escritoras, entre outras.

#ACTIVIDADES REALIZADAS POLO EQUIPO DA BIBLIOTECA

XEFA DE ESTUDOS

DEPARTAMENTOS DE:


-FILOSOFÍA,
- MÚSICA,
-RELIXIÓN,
- LINGUA E LITERATURA CASTELÁ,

DO IES CHANO PIÑEIRO FORCAREI

DONAS DE SI

#

▶ TRABALLO E MULLERES.



XÉNERO CON XÉNERO II

A elaboración e posta en práctica deste proxecto levouse a cabo nas seguintes fases:

1ª) FASE:

- Detección de necesidades: partimos da avaliación de resultados do proxecto do ano anterior.
- Actividades de sensibilización e de motivación:

Exposición de libros sobre o traballo das mulleres e a igualdade.

Concurso de carteis sobre a violencia de xénero para toda a ESO e Bacharelato.

Charla de sensibilización sobre a violencia de xénero impartida pola Garda Civil dentro do Plan Director.

2-) FASE:

- Actividades específicas de desenrolo e afianzamento do noso reto:

A unidade didáctica de María Wonenburguer. A traxectoria da matemática galega máis coñecida foi traballada na aula polo curso de 1ºESO.

O concurso de cartas de amor e desamor en igualdade. As cartas de amor e desamor serviron para amosar a faciana máis igualitaria das nosas alumnas e alumnos.

A árbore da igualdade. Plantamos unha árbore no corredor no que as súas follas e flores eran palabras de respecto e igualdade.

A charla sobre a violencia de xénero. Impartida pola Garda Civil para 1º e 2º de ESO dentro do Plan Director.

As veciñas de María Wonenburguer. Activiade feita por dúas alumnas da ESO coa que deron a coñecer o nome de literatas, xornalistas e actrices que naceron en Coruña ou na súa contorna.

Cromatismo + colorido: unha exposición chea de música e pintura elaborada pola profesora de música coas súas alumnas e alumnos.

As nosas literatas. Monográficos realizados polos alumnos e alumnas de 4ºESO sobre as escritoras menos coñecidas ao longo da historia.

Taller “Programación creativa en igualdade, impartido polo Programa Diana para 1º ESO.

3ª) Fase: a difusión.

A difusión do noso proxecto tivo lugar en distintos tempos e momentos de xeito escalonado:

- a) O claustro e o alumnado, Comisión Pedagóxica.
- b) As datas claves de conmemoración escolar.
- c) Os tempos do Plan Proxecta: 1ª, 2ª e 3ª avaliación.

Os espazos para a súa difusión foron:

Os corredores do centro: onde o alumnado expuso as súas aportacións.

A Biblioteca: lugar das charlas e carteis informativos.

As aulas, onde se expuso o tríptico resumo das actividades.

A web da biblioteca: <http://www.chanobiblio.tk/>

